

AMES



PROGRAMA ELECTORAL MUNICIPAIS 2019



PROGRAMA ELECTORAL

CONTIGO PODEMOS

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CONTEXTO ACTUAL MUNICIPAL EN AMES.....	6
3. LIÑAS ESTRATÉXICAS POLÍTICO-ELECTORAIS DE CONTIGO PODEMOS.....	9
4. PROGRAMA POLÍTICO.....	10
4.1 ÁREA ECONÓMICA, FINANZAS E XESTIÓN PÚBLICA.....	10
4.2 IGUALDADE, MULLER E DEREITOS SOCIAIS.....	12
4.3 EDUCACIÓN.....	15
4.4 URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS E TRANSPORTE.....	17
4.5 DEPORTE E SAÚDE.....	19
4.6 MEDIOAMBIENTE.....	20
4.7 CULTURA, PATRIMONIO E TURISMO.....	26
4.8 MOCIDADE.....	29



1. INTRODUCCIÓN

O documento que se presenta é un programa político-electoral para o Concello de Ames de cara a conformar unha alternativa de goberno para ás eleccións municipais do 26 de maio de 2019, con un **modelo de organización social baseada na transparencia onde todas/os as/os veciñas/os de Ames participen da xestión municipal.**

Contigo Podemos agradece novamente a toda a xente que colaborou e participou na elaboración do programa, pois este documento pretende integrar, entre outras, todas aquelas propostas feitas polos/as compañeiros/as da agrupación, así como os/as veciños/as, asociacións, etc...que colaboraron activamente no noso proxecto. Todas/os somos partícipes deste proxecto, todas/os somos **CONTIGO PODEMOS.**

O reto é seguir **desenvolvendo e construíndo unha estratexia político-electoral no Municipio de Ames** baseada na **construción da soberanía popular** e seguir avanzando nun **espazo político plural e aberto que acabe coas maiorías absolutas e os bipartidismos e onde Podemos ocupa un espazo esencial para este cambio**, un espazo onde os mandatarios públicos conten co pobo non só para que deixen o seu voto na urna, senón que teñan que dar contas periodicamente das súas actuacións ó longo de todo o seu mandato e desenvolvan o seu traballo con competencia, transparencia e honestidade.

Dentro da estratexia que se deseñaría daríase prioridade, entre outras, as seguintes áreas:

- ✓ Control e transparencia nas contas públicas.
- ✓ Redución da externalización dos servizos municipais.
- ✓ Racionalización dos cargos de confianza e persoal de gabinete.



- ✓ Estudo e control dos impostos municipais, taxas e prezos públicos, calendarización.
- ✓ Procesos participativos nas distintas áreas que dean voz e participación á cidadanía para identificar as verdadeiras necesidades e demandas.
- ✓ Especial atención ás problemática do rural: pistas, pasos peonís, alumeados, etc...
- ✓ Estudo de necesidades de espazos públicos: parques, escolas, pavillóns, etc...
- ✓ Demandar e no seu caso estudar a mellora e atención das necesidades educativas, implantación de ciclos formativos, etc.
- ✓ Impulsar as actuacións de cara a resolver os problemas medioambientais que afectan ao noso Concello: Contaminación do río Sar, a insuficiencia da depuradora de Bertamiráns en Sisalde, etc.
- ✓ Seguir traballando na remunicipalización da auga e estudar a posibilidade de municipalizar outros servizos (recadación, limpeza rúas, etc).
- ✓ Ampliar as iniciativas para a creación de vivenda pública en Ames e a súa posta en funcionamento para atender a mulleres vítimas de violencia machista, a persoas e colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión.
- ✓ Ampliar a liña de axudas sociais e dotar de máis medidas de atención e apoio ás persoas e familias máis desprotexidas.
- ✓ Establecer un Plan de atención integral á muller que conte con medidas de apoio na procura de emprego, atención singularizada e regular, medidas, charlas, talleres que fomenten o empoderamento das mulleres.



- ✓ Eliminación paulatina de barreiras para facer de Ames un Concello accesible.
- ✓ Racionalización urbanística facendo de Ames un Concello máis amable para vivir.
- ✓ Continuar desenvolvendo políticas de benestar animal.
- ✓ Accións e programas de desenvolvemento local para facer de Ames un Concello innovador.
- ✓ Implantación dun plan de limpeza e mantemento de estradas e camiños veciñais.

2. CONTEXTO ACTUAL MUNICIPAL EN AMES

Despois dunha parálise e dun desgobierno do Partido Popular durante 4 anos (2011-2015) , en xullo do 2015 coa forza que nos deu o 15M, desde o Círculo de Podemos Ames construimos un proxecto político municipal e presentamos candidatura logrando tres concelleiras e asinamos un **acordo de Goberno** no que estabamos incluídas tres formacións de esquerdas (**Contigo Podemos, PSOE, e BNG**).

Desde entón, gobernamos nun trigoberno en minoría sendo un exemplo de goberno plural e de consenso e que amosa o afianzamento de fórmulas de colaboración e entendemento colectivo, acabando así co bipartidismo tan obsoleto xa nos tempos que corren.

A nosa formación **Contigo Podemos** asumiu a **1º tenenza de alcaldía** e tres concellerías no goberno: **Economía e Facenda, Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e Mocidade e Transparencia**.

Tamén asumimos a **Alcaldía** por delegación nos caso de substitución do Alcalde, baixas, vacacións, ausencias, etc.

Ao longo destes anos desenvolvemos moitísimas iniciativas en aras a facer de Ames un Concello **Aberto, Transparente e Participativo**, entre as que destacan:

- ✓ **Aprobación de tres orzamentos municipais 2017, 2018 e 2019 na lexislatura cun goberno tripartito en minoría**, fronte a un único orzamento aprobado polo Partido Popular cun goberno en maioría. **O último orzamento aprobado de 2019 é de preto de 26.000.000 €.**
- ✓ **Implantación da iniciativa de Orzamentos Participativos desenvolvidas en 2017 e 2018 no rural e tamén coa Mocidade (total de preto de 700 propostas presentadas)**
- ✓ **Implantación dun novo portal web <http://orzamentosabertos.concellodeames.gal> onde poder consultar toda**

a información económica detallada das distintas áreas, gastos ingresos, etc. dos anos 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018.

- ✓ Aplicación da **Estratexia de desenvolvemento urbano sostible DUSI (Fondos Europeos)** de 6.250.000 € con actuacións que mellorarán a cohesión social, mobilidade municipal, eficiencia enerxética, integración e conectividade dos núcleos urbanos, dinamización da economía local, accesibilidade, etc.
- ✓ Redución do **Período Medio de Pago a Provedores** que pasou de 82,68 días cando entramos, a **5,63 días** no 4º trimestre 2018, moi por debaixo do período legalmente establecido de 30 días.
- ✓ **Amortización total da débeda bancaria do Concello de Ames** que a nosa entrada era de 4.585.000 € e a 31 de decembro de 2017 de **0 €**.
- ✓ Establecemento dun **sistema especial de pago voluntario do IBI** en dous prazos sen xuros de mora, ao que se poden acoller as veciñas/os todos os anos.
- ✓ **Sistemas de redución de carga fiscal e bonificacións** varias a determinados sectores e colectivos en atención a criterios sociais, de desenvolvemento sostible, de fomento de emprego, etc.
- ✓ **Melloras na contratación pública** establecendo **criterios sociais e medioambientais** e implantación completa da **administración electrónica** na contratación pública.
- ✓ **Rescate dos servizos públicos** coma o **Ciclo Integral da Auga** cambiando o modelo de xestión e recadando o Concello as taxas por estes servizos directamente nunha conta municipal cando antes estas taxas eran recadadas pola empresa concesionaria.
- ✓ Implantación dun novidoso **Plan de Prevención de Incendios Forestais** actuando en diferentes faixas de protección coa plantación de diversas árbores autóctonas.

- ✓ **Actuacións en materia de Benestar animal co rescate do servizo de lacería** eliminando o sacrificio dos animais e apostando por establecer un servizo de calidade con medidas de apoio e benestar animal e creando **espazos de espaxemento**.
- ✓ **Implantación da Renda Social Municipal** no Concello para atender as persoas máis desfavorecidas ofrecéndolles un servizo integral de axuda, soporte educativo, psicolóxico, etc.
- ✓ **Rehabilitación e acondicionamento de espazos para vivenda social de tránsito** para dar cobertura ás necesidades urxentes de habitabilidade para situacións de emerxencia.
- ✓ **Campañas de apoio e empoderamento da Muller**, charlas, Xornadas Igualdade, Ames en negro, etc.
- ✓ Construción, ampliación e posta en funcionamento do **Novo Cemiterio Municipal de Ames**
- ✓ Desbloqueo da problemática dos terreos para a construción do **Centro de Saúde de Milladoiro** que xa está en construción grazas a que o Concello puxo a disposición os terreos.
- ✓ **Ampliacións varias de instalacións educativas** (CEIP Agro do Muiño, IES Ames, Barouta e en marcha a construción dun novo comedor para o CEIP A Maía).
- ✓ **Obras de accesibilidade** varias nos distintos edificios e instalacións públicas.



3. LIÑAS ESTRATÉXICAS POLÍTICO-ELECTORAIS DE CONTIGO PODEMOS

CONTIGO PODEMOS quere seguir traballando para as veciñas/os do municipio de Ames e as nosas liñas estratéxicas neste novo mandato van ser seguir apostando por:

- **Un Concello de Ames Aberto, Transparente e Participativo**
- **Un Concello de Ames saneado**, que continúe a facer unha **xestión pública económica eficaz, eficiente, transparente e participativa**.
- **Un Concello de Ames** que traballe na **recuperación dos Servizos Públicos**
- **Un Concello de Ames Social** que aposte por continuar mellorando e ampliando as políticas sociais.
- **Un Concello de Ames Medioambientalmente Sostible**.
- **Un Concello de Ames feminista**, onde se poñan en prácticas medidas de apoio, axuda e empoderamento das mulleres.
- **Un Concello Diverso**, multicolor onde convivamos todas en Paz e Harmonía.
- **Un Concello Accesible**, continuando coa adaptación progresiva dos espazos públicos.

4. PROGRAMA

4.1.- ÁREA ECONÓMICA, FINANZAS E XESTIÓN PÚBLICA

A área económica ocupa un papel principal na xestión pública pois é a que nos permite desenvolver as políticas nas distintas áreas de goberno. Unha xestión eficiente e eficaz dos recursos públicos permite poder levar a cabo as diferentes actuacións e proxectos dentro das distintas áreas: economía, educación, cultura, benestar social, turismo, comercio, desenvolvemento local, servizos sociais, muller, urbanismo, deportes, normalización, comunicación, medioambiente, atención veciñal e participación, mocidade...do noso Concello.

Como actuacións principais a levar a cabo nesta área serían:

- ✓ Continuar a desenvolver a xestión económica de xeito que se faga unha **asignación eficiente e eficaz dos recursos públicos** con orzamentos equilibrados e saneados que permitan levar a cabo as políticas e actuacións nas distintas áreas.
- ✓ Continuar garantindo a transparencia nas contas coa iniciativa implantada de Orzamentos Abertos a través do aplicativo Web **<http://orzamentosabertos.concellodeames.gal>**, onde a veciñanza amesá terá acceso, de xeito facilmente comprensible e manexable, a toda a información económica do Concello, orzamento municipal, detalle de ingresos e gastos por áreas, pago a provedores, etc, mesmo ao detalle de todas as facturas que se pagan desde o Concello. Esta nova ferramenta informática basease nos principios de transparencia, eficiencia, participación e consulta.
- ✓ Manter **actualizada periodicamente á información económica** recollida na Web de Orzamentos Abertos.
- ✓ Continuar a traballar na iniciativa de **Orzamentos Participativos do Concello de Ames** que implantamos no 2017, ampliando o crédito

asociado a esta iniciativa nos orzamentos, así como ampliando tamén os ámbitos de actuación para o desenvolvemento das iniciativas.

- ✓ Establecer en determinados servizos (comedor escolar, escolas deportivas, actividades culturais, Tardes divertidas, Bos días cole, Programas lúdicos, etc.) **taxas en función dunha progresividade ligada a renda, aumentado os tramos existentes.**
- ✓ Estudar a posibilidade de establecer unha **Taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial de dominio público para as eléctricas, empresas de gas, etc.**, e de selo caso, aprobar a correspondente ordenanza fiscal reguladora correspondente.
- ✓ Elaborar e publicar un **calendario do contribuínte** onde se detallen de xeito claro as datas e períodos de liquidación dos impostos, taxas e prezos públicos.
- ✓ **Analizar as fontes de ingresos** que ten o Concello, estudando os problemas actuais dalgúns dos impostos: IBI: Histórico e comparativa con outros municipios IVTM (Imposto de vehículo de tracción mecánica): Comparativa con outros municipios, taxas de lixo no rural.
- ✓ **Seguir a traballar na recuperación de servizos públicos** que se consideran esenciais no Concello para tentar que poidan ser xestionados de xeito directo polo Concello.
- ✓ Levar un control exhaustivo do cumprimento das obrigas por parte das empresas que prestan servizos ao Concello.
- ✓ **Establecer uns criterios sensatos, lóxicos e proporcionais** para cuantificar a asignación en número e custo do persoal eventual dos grupos municipais e goberno.

- ✓ Aprobar un **regulamento da dotación económica aos grupos municipais** de xeito que queden determinadas as normas que rexerán a xustificación dos gastos e a periodicidade na xustificación e publicidade de ditas contas.

4.2. IGUALDADE, MULLER E DEREITOS SOCIAIS

O feminismo é preciso para ter unha sociedade xusta, por iso, en Contigo Podemos temos o compromiso de loitar contra as desigualdades, as discriminacións por razón de xénero e contra a lacra da violencia machista. Tamén somos conscientes da importancia de incorporar a perspectiva feminista en todos os ámbitos da política municipal. Temos que traballar de forma conxunta pola **igualdade de oportunidades para as mulleres** coordinando de forma transversal as consellerías para levar a cabo as políticas feministas efectivas en tódolos eidos.

Deste xeito, en Contigo Podemos propoñemos:

- ✓ **Promover un Concello feminista, libre de violencias machistas, empático, participativo e comprometido coa igualdade real.** Iso se fará desde as institucións públicas e privadas perante accións de prevención e sensibilización cidadá.
- ✓ **Erradicar calquera tipo de publicidade con contido machista, de menosprezo, odio ou cosificador da muller.** Eliminar anuncios sobre prostitución en calquera contexto.

- ✓ **Garantir unha alternativa habitacional inmediata para as mulleres que sofren violencia machista e para as nenas, nenos e adolescentes que teñan ao seu cargo.**
- ✓ **Axudar á conciliación familiar e aos coidados, tarefa que recae habitualmente na muller. As políticas teñen que favorecer a conciliación familiar e laboral da muller en igualdade de condicións co home.**
- ✓ **Continuar aplicando unha perspectiva feminista na elaboración dos orzamentos para subverter os modelos económicos heteropatriarcais, masculinizados e verticais.**
- ✓ **Creación de espazos non mixtos organizados por parroquias nos que se levarán a cabo:**
 - Cursos de empoderamento.
 - Cursos de defensa persoal.
 - Obradoiros de educación sexual e grupais de axuda mutua.
 - Debates fomentando a igualdade e o pensamento crítico.
 - Proxectos de creación artística, audiovisual e performativa.
- ✓ **Dar máis visibilidade e publicidade aos diversos servizos e recursos sociais na defensa dos dereitos da muller e en casos de desigualdade ou violencia machista como é o caso do CIM (Centro de Investigación**

da Muller), o teléfono da muller, a policía local, oficina do voluntariado, servizos sociais, gabinete de psicoloxía, etc.

- ✓ **Promover campañas específicas e efectivas** coma “Ames en negro”.
- ✓ **Impulsar a independencia económica e legal da muller** amesá empresaria, autónoma ou estudante.
- ✓ **Promoción de actividades culturais que fomenten a posta en valor das mulleres creadoras**, loitando así ca invisibilización histórica que sufriu a muller no eido artístico.
- ✓ **Información e normalización da diversidade sexual en todos os ámbitos do Concello** (educativo, social, legal, comercial, cultural, político, económico, etc).
- ✓ **Ter a mocidade e os centros de ensino coma parte esencial onde traballar por unha igualdade real, feminista e sexualmente diversa.** Obradoiros, debates, actividades extraescolares e campañas de cooperación con outros centros e co Concello serán necesarias para combatir os casos de machismo e homofobia entre a mocidade.
- ✓ **Activar protocolos** de antiacoso sexual, machista, psicolóxico, etc.
- ✓ **Concienciar sobre a diversidade familiar:** familias monoparentais, nais ou pais solteiras/os, etc.

- ✓ **Entender o deporte tamén como un espazo de equidade** onde se impulsen políticas feministas de igualdade e se promova a imaxe da muller nos deportes e actividades lúdicas.

4.3.- EDUCACIÓN

Entendemos que ocupa un papel principal no desenvolvemento futuro do noso Concello, pois os nosos rapaces e rapazas son o noso futuro, pero non nos esquezamos que tamén son o noso presente. A xestión dos recursos educativos por parte das administracións ten que ter en conta as necesidades reais e as previsións de crecemento do Concello de Ames e a dotación de medios necesarios coa garantía de calidade nas inversións que se fan nestes centros educativos.

Deste xeito, Contigo Podemos considera imprescindible:

- ✓ Manter o **Mapa de Necesidades Escolares** actualizado de xeito periódico, onde se identifiquen por parte dos diferentes actores implicados ditas necesidades. Para iso, habería que contar coa participación das alumnas/os, das nais e os pais, do profesorado, equipos directivos e Concello.
- ✓ Manter en auxe o **Consello Escolar Municipal** que integra a todas/os estes actores e que se reúna a lo menos unha vez cada trimestre para propoñer solucións ás demandas educativas, organizar actuacións conxuntas, charlas, conferencias, programacións culturais, todo dentro do eido educativo, etc.
- ✓ Integrar no Consello Escolar Municipal ás alumnas/os de primaria.

- ✓ **Establecer un Plan de Mantemento de Centros Educativos:** goteiras, humidades, espazos esixindo ás responsabilidades que correspondan. **O Concello ten que ser o interlocutor** coa administración autonómica naquelas competencias que sexan de dita administración, e ten que velar porque se resolvan estes problemas que minguan a calidade do ensino no noso Concello.
- ✓ Crear unha **brigada de mantemento** para atender regularmente ás necesidades diarias de conservación dos centros educativos.
- ✓ **Resolver os problemas de espazo e carencia de prazas** nos centros educativos aumentando os módulos e carencia de medios solicitando á administración que dote destas ferramentas aos centros, etc.
- ✓ **Seguir promocionando as Escolas Unitarias** e manter as existentes, potenciando o seu modelo educativo pois entendemos que é moi enriquecedor.
- ✓ **Continuar solucionando os problemas de seguridade viaria** nos accesos aos centros escolares que poñen en perigo día a día a integridade física das nosas nenas e nenos.
- ✓ **Estudar a posibilidade** da posta en funcionamento **dunha Escola de Idiomas.**



- ✓ Demandar a posta en marcha dunha **oferta de ciclos formativos nos IES de Milladoiro e Bertamiráns** adaptada á realidade e demanda laboral do Concello.
- ✓ **Reformular e ofrecer programas co fin de motivar e integrar ao alumnado con problemas de rendemento académico** e en risco de abandono escolar nos que se podan introducir actividades de tipo práctico que inclúan coñecementos teóricos.
- ✓ **Establecer programas de educación permanente**, en diversas áreas, para persoas maiores de 60 anos.

4.4.- URBANISMO, INFRAESTRUTURAS E TRANSPORTE

- ✓ **Continuar traballando na Comisión Municipal de desafiuzamentos** integrada por membros da Plataforma Stop desafiuzamentos, asistentes/as sociais do Concello e membros do goberno e da oposición, que dea resposta ás situacións de necesidade e ás familias en risco de exclusión que xurdan no Concello de Ames.
- ✓ **Reformular a Concellería de Urbanismo como unha concellería propia para poder atender a todas as demandas que existen na área tan ampla de desenvolvemento urbanístico.**
- ✓ **Crear un Inventario de Camiños actualizado titularidade do Concello.**

- ✓ **Utilización de tecnoloxía mais eficientes** na climatización e iluminación de edificios municipais e alumado público, elaborando un programa para a utilización de luminarias de alta eficiencia enerxética.
- ✓ Seguir traballado na procura dunha **solución definitiva para os problemas de tráfico na estrada N-550** ao seu paso polo Milladoiro.
- ✓ **Ampliar e mellorar as zonas de parques infantís.**
- ✓ **Ampliar as zonas de accesibilidade para discapacitados.**
- ✓ **Mellora das sinais viarias**, principalmente no rural.
- ✓ Establecer un **Plan de mantemento e limpeza de camiños e estradas no rural en colaboración coas veciñas/os.**
- ✓ Recoller dentro de ese Plan de Mantemento e limpeza as necesidades que a veciñanza foi demandando nas propostas que entregaron nos dous Orzamentos Participativos do Rural que se desenvolveron e que non puideron ser executadas.
- ✓ **Executar un Plan de Mobilidade sostible**, baseado no uso do transporte colectivo que vertebre os dous grandes núcleos (Milladoiro e Bertarmirás) e estes núcleos co Rural.
- ✓ **Reclamar á Xunta de Galicia** a mellora da rede de transporte metropolitano incrementando a frecuencia de horarios sobre todo nas fins de semana e na época estival.



- ✓ Reclamar que se manteñan actualizadas a información das rutas e horarios podendo utilizar **códigos QR** instalados nas marquesiñas.
- ✓ Creación de unha **Oficina da Bicicleta**, co fin de xestionar un servizo de préstamo de bicicletas e así potenciar este medio de transporte, impulsando ao mesmo tempo o uso das sendas para bicicletas.

4.5.- DEPORTE E SAÚDE

- ✓ Demandar da Xunta **melloras urxentes no Centro de Saúde de Bertamiráns.**
- ✓ Levar un seguimento continuado da execución das obras do **Centro de Saúde de Milladoiro** e da súa correcta posta en funcionamento na maior brevidade posible.
- ✓ Desenvolver iniciativas de **promoción de hábitos saudables**, charlas, conferencias...
- ✓ Incrementar as infraestruturas para poder facer deporte, pavillóns, locais, etc, **ampliando e construíndo novos espazos** para a práctica deportiva.
- ✓ **Fomentar a variedade de actividades deportivas e a calidade no deporte.** Hai multitude de alternativas deportivas e saudables distintas ás que se practican de xeito maioritario. Hai que potencialas e axudar a que a cidadanía as coñeza e poida practicalas.

- ✓ **Fomentar deportes que poidan aglutinar un espectro mais amplo de idade** e ofrecerlles espazos deportivos á cidadanía para que poidan desenvolver as súas actividades.
- ✓ Establecer unha programación de actividades deportivas e saudables orientadas á terceira idade, como poden ser **pilates, yoga e tai chi chuan**.
- ✓ Programación estable de **talleres de ximnasia terapéutica, de tai chi chuan, yoga e meditación**, posto que estas disciplinas son moito máis que unha práctica deportiva.
- ✓ Coidado das instalacións deportivas, sobre todo nos centros educativos.
- ✓ Ampliación e mantemento regular dos bioparques saudables.

4.6.- MEDIOAMBIENTE

En Contigo Podemos daremos continuidade á política ambiental iniciada estes catro anos que se concreta no seguinte programa:

- ✓ Continuar co **Plan de Prevención de Incendios Forestais** actuando en diferentes faixas de protección coa plantación de diversas árbores autóctonas, apostando deste xeito, por unha política activa de prevención dando valor ao monte e obtendo beneficios coa mellora da biodiversidade.
- ✓ **Seguir coas actuacións en materia de benestar animal** para ser un Concello que protexa, coide e respecte os dereitos dos animais. En Ames eliminamos o sacrificio dos animais e apostamos polo establecemento dun servizo de lacería de calidade. Tamén fomentamos a creación de espazos de espaxamento para que poidan gozar con

liberdade na natureza. Pero todo isto non é suficiente, para continuar no camiño do benestar animal:

- Garantiremos a **non** autorización das actividades que impliquen **sufrimento animal**.
 - Propoñemos a creación do **Voluntariado Animal**.
 - Fomentaremos as **campañas de educación** contra o abandono animal e tamén sobre sensibilidade animalista.
 - Melloraremos e ampliaremos os **espazos de ocio** e de esparexemento para o desfrute dos animais e as persoas.
 - Continuaremos desenvolvendo e mellorando o **Proxecto CES** (captura, esterilización e solta) de maneira ética e integral para o control das colonias de animais, especialmente felinas.
- ✓ **Facilitar e fomentar o aforro enerxético e o uso de enerxías limpas:**
- Continuar coa **instalación de calefaccións de pellets e outras fontes de calor de baixo custo** e menos contaminantes no locais do municipio, e fomentar o aumento da súa instalación entre os veciños/veciñas do municipio.
 - Seguir **renovando a iluminación pública** coa instalación de leds en todas as luminarias do municipio, tanto do rural como urbanas. Este cambio supoñerá unha redución de ata un terzo da factura eléctrica actual que está ao redor de 850.000 €/ano.
 - Continuar coa modificación e renovación das instalacións da iluminación pública, adecuando a infraestrutura aos novos consumos.
 - **Estudar a viabilidade dunha empresa comercializadora de electricidade municipal**, como xa se está facendo en Barcelona.

- **Promoción, visibilidade e traballo colaborativo coas empresas** que desenvolvan liñas de investigación sobre fontes de enerxía alternativas.
- **Reforzo do transporte colectivo e o uso compartido de vehículos.**
- **Mellorar o tratamento de residuos e fomentar a redución** do seu volume fomentando a súa reciclaxe e/ou re-utilización.
- **Ampliar e reformar as tres depuradoras do municipio**, de xeito evidente inadecuadas e insuficientes. Instalación de novas tecnoloxías nas mesmas.
- Facilitar a creación dunha **nova mancomunidade de municipios** co obxectivo de mellorar a **recollida e tratamento dos residuos sólidos dos municipios da comarca.**
- Instalación no rural de contedores específicos de **papel, vidro e baterías/pilas** altamente contaminantes.
- **Instalación no rural de contedores para a recollida de residuos vexetais**, de tamaño e capacidade que posibiliten a recuperación industrial destes residuos.
- Continuar coa expansión do **saneamento no rural.**
- Fomentar a **reciclaxe de plásticos e promover as políticas que permitan a diminución do seu uso** co lema *"por un Concello libre de plásticos"*.
- **Control de recursos hídricos**, e de verteduras contaminantes.
- **Control do uso dos recursos hídricos municipais e do aproveitamento ilegal dos acuíferos** por parte de veciños que xa dispoñen de auga pública.
- **Monitorar e dar seguimento á trazabilidade da vertedura de residuos altamente contaminantes** como: pilas...etc.
- Identificar e dar seguimento ás **verteduras ilegais** de contaminantes que se produzan no municipio. Creación dunha **"Caixa de correos de denuncias"** anónimo.

- Continuar cos **programas de educación escolar en materia ambiental** levados a cabo desde a municipalidade.
- Realizar o **inventario de árbores singulares (senlleiras)** a fin de protexelos e crear rutas ou espazos singulares no municipio.
- Continuar co control das empresas de subministro eléctrico e co seguimento e reclamación da facturación inadecuada ou errónea.
- **Creación dun Consello local de Medio Ambiente** como órgano colexiado de :
 - **Asesoría** sobre problemática ambiental (mediador entre partes afectadas e consulta a especialistas para análises de contaminantes ou diagnóstico ambiental).
 - **De participación e cooperación** entre Concello, veciños/ as, asociacións e comerciantes.
 - **De seguimento dunha Caixa de correos de denuncias** (anónimas ou non) que facilite a comunicación entre os veciños/as e o Concello.
 - **Organizador de programas medioambientais municipais e programas de reciclaxe** para reducir o volume de residuos sólidos e de desfeito de alimentos. Posible proposta de concursos para apoiar a empresas de reciclaxe ou reutilización de residuos sólidos no municipio, como PET, cristal, papel, aluminio (latas), baterías altamente contaminantes, pero tamén todo tipo de lixo como electrodomésticos, roupa, colchóns, mobles, etc.... Estas empresas dedicaríanse ao tratamento destes residuos con propostas orixinais para a xeración de produtos con potencial interese comercial ou de apoio a familias que os precisen.
 - **Organización de programas de redución de residuos e reciclado de alimentos.** Mediador entre produtores de

residuos (supermercados, restaurantes, etc.) e organizacións sen ánimo de lucro (Ong) dedicadas á súa recollida e distribución en comedores sociais e distribución de alimentos entre familias necesitadas.

- **Análise da situación ambiental**, consumo enerxético e de auga do municipio (urbana e rural), produción de lixo (sólido e líquido), identificación e localización da produción de contaminantes, deforestación, probabilidade de inundación e desbordamento de ríos, etc. Procura de datos para a análise das súas evolucións ao longo do tempo e posibilidade de dar seguimento coa incorporación de novos datos. Isto permitirá detectar cambios alarmantes no incremento do uso de recursos e produción de residuos.
- **Elaboración dunha listaxe de prioridades sobre a problemática mais urxente**, moderadamente urxente e non urxente municipal, e **proposta de solucións** a curto, medio e longo prazo.
- **Discusión e proposta de solucións** para resolver os problemas específicos de abastecemento de enerxía e auga e xestión de residuos non rural.

- ✓ **Impulsar campañas de concienciación e sensibilización medioambiental** que fomenten o compromiso dos veciños/as coa contorna natural, a conservación do patrimonio e os recursos naturais municipais pero tamén de “un mundo sen fronteiras”, cambios de hábitos na familia para axudar a diminuír o uso da enerxía, fomentando o uso de enerxías limpas e diminuír a produción de lixo fomentando o reciclado.
- ✓ **Promover actuacións que axuden a diminuír os efectos da contaminación e do cambio climático** pero tamén das malas prácticas

urbanas e rurais que afectan ao medioambiente e que contribúan a reducir os seus efectos non territorio.

- ✓ **Recuperación do patrimonio natural**, principalmente no Milladoiro, pero tamén das áreas municipais afectadas pola salvaxe especulación do solo. Aposta por unha configuración urbanística máis humana, e con unha oferta de servizos adecuada para todos os seus habitantes.
- ✓ **Continuar coa creación da REDE DE ZONAS VERDES** nas zonas urbanas con parques, xardíns infantís e áreas de espaxamento para os maiores como elemento socializador. Impulsar a innovación de Xardíns Compartidos: concepto de xardín urbano aberto ao que a imaxinación dos seus usuarios podan propor, estimulando a participación a través de actividades pedagóxicas, cívicas e de divulgación (comidas de barrio, exposicións, debates de reforzo dos vínculos sociais, interxeneralizacións, interculturais e interétnicos, proxeccións cinematográficas, xornadas de troque, partidas de xedrez xigante...).
- ✓ **Aumento da vexetación urbana**, ampliando o volume verde nas rúas que sexan factibles pola súa sección.
- ✓ Fomento do coñecemento, **valoración e respecto do monte de Ames**, buscando compatibilizar e potenciar os seus usos. Acondicionamento e apertura de pistas forestais e sendas que incrementen o atractivo turístico de Ames.
- ✓ **Ampliación e sinalización da rede de sendas peonís do Concello**, establecendo trazados de camiños tradicionais de monte.
- ✓ **Apertura de sendas para ciclismo.**
- ✓ Continuar e impulsar o uso das **hortas sostibles**.

- ✓ Procura de doantes para a cesión de terreos para a creación de **hortas ecolóxicas**.

4.7.- CULTURA, PATRIMONIO E TURISMO

4.7.A.-CULTURA

A **cultura** é unha ferramenta fundamental no camiño da transformación social e intelectual de cara a unha sociedade plenamente democrática, crítica, próspera, xusta, intelixente, tolerante, flexible e autónoma.

A cultura é un ben común patrimonio de todas e de todos, que non só nos axuda a entendernos senón tamén a progresar.

Nos últimos anos a industria cultural galega conseguiu grandes logros profesionais, e conseguiron afianzarse grazas a un tecido profesional independente e sostible que fuxe dos clientelismos, pero que non é capaz de xerar emprego estable pola falta de axudas públicas.

Desde Contigo Podemos apostamos por unha cultura garante do dereito ao pensamento libre e crítico, ao pracer, ao desfrute e á alegría. Asumimos que todos os obxectivos do noso programa no eido da cultura garanten os dereitos culturais da veciñanza amesá, eludindo as patoloxías tanto da mercantilización como da burocratización da cultura e da súa organización clientelar, devolvendo o protagonismo aos profesionais e á cidadanía.

- ✓ **Impulso da cultura** impartindo actividades varias nos locais sociais do rural, centros socioculturais e tamén actividades ao aire libre.

- ✓ **Recuperar e fomentar os espazos públicos** para todos os cidadáns, desde a mocidade ata a terceira idade, fomentar as/os artistas locais, pintores, escritores, músicos, bandas de rock, compañías teatrais, etc.
- ✓ **Establecer unha canle de comunicación axeitada** para anunciar os eventos culturais, exposicións, charlas...de xeito que poida chegar a información a toda a xente.
- ✓ **Aproveitamento das instalacións educativas** para facer actividades de formación de adultos ou celebración de actos educativos e culturais.
- ✓ Estudar a posibilidade de **ampliar as disciplinas** impartidas na nosa **Escola Municipal de Música (EMMA)** para poder construír un espazo creativo onde se poidan desenvolver **proxecto educativo-musicais** máis enriquecedores, grupos, banda, etc.
- ✓ **Establecer unha programación cultural mais atractiva para todos os públicos.**
- ✓ Mantemento e dinamización dos **espazos de creación** nas distintas modalidades: locais de ensaio para música, grupos de teatro, obradoiros de pintura, imaxe e son.
- ✓ **Promover o uso de software libre** para todas as plataformas do Concello, xerando un aforro cuantioso nas contas.

- ✓ **Potenciación, dinamización e seguimento do uso da nosa lingua en todas as actividades desenvolvidas no ámbito municipal nas distintas áreas.**
- ✓ **Continuar apostando pola ampliación e mellora do servizo de Radio Ames, ampliando a oferta de programación, faladoiros, etc.**

4.7.B.- PATRIMONIO

- ✓ **Creación dun programa para a investigación e innovación sobre a xestión dos recursos naturais e do patrimonio cultural de Ames.**
- ✓ **Creación dun censo do patrimonio natural do Concello de Ames coa participación dos centros educativos, poñendo en valor a recuperación de espazos naturais para a poboación.**
- ✓ **Mellora de zonas de singular valor ecolóxico e interese cultural, etnográfico e socioeconómico como poden ser, cruceiros, fontes, castros, petos de ánimas, muíños e petróglifos.**
- ✓ **Divulgación da historia do patrimonio civil de Ames.**
- ✓ **Preservar a micro toponimia (nomes de lugares) nos nomes das rúas.**

4.7.C.- TURISMO

- ✓ **O sector turístico é unha fonte de vital importancia para a economía local, polo que é preciso dotar ao turismo dunha maior estabilidade e que este sexa capaz de seguir poñendo en valor a riqueza cultural e medioambiental do noso municipio. Polo que desde Contigo Podemos**

apostamos pola **incorporación dos recursos naturais, culturais e paisaxísticos aos produtos turísticos.**

- ✓ Tamén poñemos o foco sobre o **apoio ao tecido empresarial local** para que reforce a súa capacidade de captar demanda e desenvolver produtos adaptados aos segmentos de maior interese, así como fomentar a oferta turística baseada en criterios ecolóxicos.

Neste senso desde Contigo Podemos queremos:

- ✓ **Promover as actividades culturais** relacionadas coa gastronomía.
- ✓ **Impulsar a actividade hostaleira** entorno ás máis que coñecidas rutas existentes no Concello:
 - Ruta rosaliana.
 - Ruta de riamonte
 - Camiño real de Santiago a Fisterra e Muxía.
 - E o camiño portugués a Santiago

8.- MOCIDADE

Por todas é coñecido que Ames é un dos Concellos coa poboación máis nova do noso país e cun crecemento demográfico salientable. Por iso temos un grande colectivo de mocidade no noso Concello ao que hai que atender, dito colectivo está en constante aprendizaxe e con moitas inquiredanzas ás que haberá que darlle resposta.

Queremos que a Mocidade se implique nas actividades e xestión municipal e para iso propoñemos continuar traballando con eles no proxecto de **Orzamentos Participativos de Mocidade** para que sigan tendo voz, decidan e



participen directamente escollendo aquelas actividades e investimentos que queren desenvolver.

Contigo Podemos presenta un programa que aínda que transversal, pois a mocidade está presente noutras áreas (cultura, emprego, saúde, etc), en canto a Mocidade baséase en cinco piares básicos:

- ✓ **Formación / emprego**
- ✓ **Feminismo**
- ✓ **Ocio e cultura**
- ✓ **Hábitos de vida saudable**
- ✓ **Diversidade Sexual**

Estes 5 indicadores básicos fornécense coa presenza da propia mocidade no deseño das políticas xuvenís mediante a constitución dun **Consello Local da Xuventude** que asesorará e orientará ás liñas de traballo da Concellería de Xuventude.

Os puntos do programa que **Contigo Podemos** presenta nesta área son:

- ✓ **Creación dun Consello Local de Xuventude de Ames**, un órgano independente que axude ao desenvolvemento das políticas de mocidade no noso Concello.
- ✓ **Creación dunha rede de “antenas xuvenís”** que distribúan información de interese para a mocidade e dinamicen a súa participación nos centros onde se atopen: centros de ensino, asociacións xuvenís, instalacións municipais.

- ✓ **Ampliación de espazos destinados a mocidade**, tanto deportivos como de ensinanza, deixando estes espazos totalmente accesibles para unha programación xuvenil estable.
- ✓ **Fomento da educación en valores, realizando programas de interculturalidade** (xornadas, convivencias, campamentos) que fornezan os lazos entre as distintas culturas presentes no Concello de Ames.
- ✓ **Fomento do autoemprego e iniciativas empresariais xuvenís coa creación dun “viveiro”** que permita tutelar e orientar os primeiros pasos dos proxectos presentes.
- ✓ **Programación estable de obradoiros dirixidos á mocidade**, buscando a creación de colectivos de creadores/as e temáticas de maior interese: graffiti, pintura, escritura creativa, DJ, fotografía e audiovisuais, teatro, etc.
- ✓ **Fomento do voluntariado xuvenil.**
- ✓ Realización de obradoiros de “loita contra as violencias machistas”, “feminismos”, “educación igualitaria para previr a discriminación por motivos de orientación sexual”, “respecto á liberdade afectivo-sexual”, “mellora da convivencia para a prevención do acoso escolar e da violencia nos centros educativos”, “hábitos de vida saudables”, “prevención de drogodependencias”, “VIH e prevención de embarazos non desexados”, “sostenibilidade ambiental” , “ecoloxía”, entre outros de especial interese.